



## Concello de Sarria

---

**PROCESO SELECTIVO CONVOCADO POLO CONCELLO DE SARRIA PARA A PROVISION, COMO PERSOAL LABORAL TEMPORAL, DUNHA PRAZA DE TÉCNICO DE ADMINISTRACIÓN XERAL, CON CARGO AO PROGRAMA “PLAN PROVINCIAL ÚNICO DE COOPERACIÓN COS CONCELLOS 2017”.**

### **1.- CONSTITUCIÓN DO TRIBUNAL.**

Na Excma. Deputación Provincial de Lugo, sendo as 11:00 horas do día 14 de novembro de 2017, constitúese o tribunal cualificador encargado de avaliar as probas selectivas de referencia, todo elo de conformidade coas bases reguladoras da convocatoria que foron aprobadas por resolución da alcaldía nº 2017/0760, de 18 de outubro de 2017.

O tribunal quedou constituído polos seguintes membros:

PRESIDENTE:

- **Xesús Arrizado Yáñez**, licenciado en ciencias do traballo do Servizo de Recursos Humanos da Deputación Provincial de Lugo.

VOGAIS:

- **José Ferreiro Fernández**, tesoureiro da Deputación Provincial de Lugo.
- **Raquel Meilán Sánchez**, técnica de administración xeral do Servizo de Cooperación e Asistencia aos Concellos da Deputación Provincial de Lugo.
- **Sergio Castiñeira López**, técnico de xestión da Sección de Patrimonio e Inventario Xeral da Deputación Provincial de Lugo.

SECRETARIO:

- **Rodrigo Arias Iglesias**, funcionario do Concello de Sarria, que actuará con voz pero sen voto.

### **2.- PUBLICACIÓN DO CALENDARIO DE EXAMES:**

En orde ao desenvolvemento do proceso selectivo, o tribunal acordou prestar aprobación ao seguinte calendario de exames:

**Primeiro exercicio da fase de oposición (art. 9.1.3 a) das bases da convocatoria):**

A dita proba realizarase o próximo martes, 21 de novembro de 2017, ás 11:00 horas, no salón de sesións da Casa do Concello de Sarria.

**Segundo exercicio da fase de oposición (art. 9.1.3 b) das bases da convocatoria):**

A proba realizarase o próximo martes, 21 de novembro de 2017, ás 16:00 horas, no salón de sesións da Casa do Concello de Sarria.

En orde á realización desta proba, o tribunal acorda que este exercicio terá que ser lido polos opositores/as en sesión pública ante o tribunal cualificador. A data e a hora da lectura dos exercicios comunicarase o mesmo día da realización da proba.

**Terceiro exercicio da fase de oposición (art. 9.1.3 c) das bases da convocatoria):**

A proba realizarase o próximo día 28 de novembro de 2017, ás 11:00 horas, no salón de sesións da Casa do Concello de Sarria.

---

**Concello de Sarria**

Rúa Maior, 14, Sarria. 27600 (Lugo). Tfno. 982535000. Fax: 982530916



## Concello de Sarria

---

En orde á realización desta proba, o tribunal acorda que este exercicio terá que ser lido polos opositores/as en sesión pública ante o tribunal cualificador. A data e a hora da lectura dos exercicios comunicárase o mesmo día da realización da proba.

### **3.- PRIMEIRO EXERCICIO DA FASE DE OPOSICIÓN: CONVOCATORIA DE EXAME.**

Os participantes no proceso selectivo quedan emprazados para o próximo martes, 21 de novembro de 2017, ás 11:00 horas, no salón de sesións da Casa do Concello de Sarria, para o obxecto de realizar o primeiro exercicio da fase de oposición.

O exercicio consistirá na *“realización dun cuestionario tipo test con 40 preguntas (máis 5 de reserva) con 4 respostas alternativas nun tempo máximo de 60 minutos sobre as materias comprendidas no temario establecido no Anexo II. As respostas erradas non invalidarán as correctas.*

O exercicio terá carácter obrigatorio e eliminatorio. A relación de aprobados publicárase no salón de sesións o mesmo día 21 de novembro de 2017, ás 13:00 horas, todo elo coa finalidade de convocar aos candidatos aprobados para a realización do segundo exame da fase de oposición, acto que terá lugar ás 16:00 horas.

O que se fai público en Sarria, no día da data.

O secretario,

(documento asinado dixitalmente á marxe)

Asdo.: Rodrigo Arias Iglesias.